



A selección invicta nos primeiros partidos



Primeiro partido oficial da selección galega de fútbol que gañaba 4-1 a Castela no campo vigués de Coia.

19

Galiza 4 - Castela 1
Xogaron por Galiza: Isidro, Otero, Pasarín, Queralt, Balbino, Hermida, Moncho, Ramón González, Chiarroni, Polo e Pinilla



1922
Novembro

1922
Decembro

Unha selección con

A selección galega non é cousa de agora. Galiza, país pioneiro no fútbol peninsular, armou o seu primeiro combinado nos anos vinte, hai agora diso 83 anos. Castela, Inglaterra ou Lisboa foron algúns dos equipos derrotados pola selección do noso país.



Velaquí o primeiro once de Galiza, coa camisola branca e a cruz de Santiago no peito.

Crónica do partido inaugural da nosa selección

O *Faro de Vigo* abría a súa edición do 19 de novembro de 1922 anunciando un “formidábel *match*” entre a selección do Centro e Galiza». O equipo galego disputaba o seu primeiro partido oficial. Tras o partido que concluía cunha vitoria galega, o xornal cualificaba a xornada como un día “memorable para o noso deporte”.

O *Faro* adiantaba “como os da selección Centro veñen dispostos a partir o peito por Castela, e os galegos saíran ao campo decididos a amosar do que son quen, presenciaremos un partido inenarrábel”.

O partido comezaba ás 15.15 da tarde. Arbitrou o colexiado portugués Ivo Lemos. O público comezou a coller sitio no campo de Coia ás dúas da tarde.

A vitoria de Galiza, 4-1, malia o conluente do marcador, non

foi tan doada. E o público, segundo o xornal vigués, turraba polas súas cores, que aínda non eran as dos clubes. O cronista local relata, nun dos climaxes do encontro, “a impresión do público é intensísima. Volverá Galiza pola súa historia? Vencerán os casteláns? Que pasará?”.

As referencias á cuestión histórica, nun partido Galiza-Castela, son proba da importancia entón dunha selección galega de fútbol, nun período onde os primeiros clubes e asociacións deportivas loitaban porque os seus xogadores vestían a camisola da cruz de Santiago que identificaba a selección.

“O entusiasmo non ten límites nin comparanza con ningún outro...” Os goles de Chiarroni, Pinilla e Ramón non obteñen a réplica axeitada por parte de Caste-

la. Como valoraban os xornalistas o partido? “Máis que bo, interesante. O pulo azougado dos nosos galeguíños desequilibrou o partido e toda a catedral tremeu e, por momentos, o balbordo do público foi inenarrábel”. E resumen: “Un triunfo do football galego, do que todos debemos estar satisfeitos”.

OS DATOS

Campo de Coia
Árbitro: Ivo Lemos
Castela 1

Martínez, Escobal, Manzanedo, Anatol, Caballero, Adarraga, De Miguel, Vicente, Monjardín, Hernández, Del Campo.

Galiza 4

Isidro, Otero, Pasarín, Queralt, Balbino, Hermida, Moncho, Ramón, Chiarroni, Polo e Pinilla.

Os goles

1-0 Polo
1-1 Monjardín (de penalti)
2-1 Polo
3-1 Pinilla (de penalti)
4-1 Ramón

1922: Os afeccionados escollen equipo

A comezos de 1922 o *Faro da Tarde*, unha edición do *Faro de Vigo* que saía todos os luns, iniciou un concurso para recoller a opinión dos afeccionados. Tratábase de saber cal era o once ideal da selección galega.

Na súa obra *Albores do fútbol vigués*, Celso González Villar dá conta de que o concurso esperou “un grande entusiasmo” e que a iniciativa serviu asemade

para queutar os ánimos futbolísticos nunha tempada especialmente apagada. Nas páxinas do *Faro da Tarde* do 24 de abril de 1922 facíase público o resultado do concurso no que participaron máis de cincocentas persoas, sendo o extremo dereita, Ramón González, o xogador que mereceu maior número de votos –357– para a súa inclusión na listaxe da primeira selección galega.



Ambiente das bancadas do Campo de Coia, que acolleu o primeiro partido da selección galega. Foto de Pacheco.

1922

A selección do Faro da Tarde
Máis de cincocentos lectores do Faro da Tarde participaron na elaboración do once da selección galega.

Porteiro: Isidro (299 votos).

Defensas:
Otero (305 votos).
Clemente (173 votos).

Medios:
Queralt (209 votos).
Torres (311 votos).
Balbino (199 votos).

Extremos:
Moncho Gil (340 votos).
Pinilla (346 votos).

Interiores:
Moncho Gil (357 votos).
Polo (337 votos).

Dianteiro: Posada (230 votos).

2005

A selección de VIEIROS

83 anos máis tarde, 900 lectores e lectoras de Vieiros escollían o once titular de San Lázaro.

Porteiro: Dani Mallo (266 votos).

Defensas:
Michel Salgado (609 votos).
Quique Álvarez (392 votos).
Bouzón (304 votos).
Otero (297 votos).

Medios:
Oubiña (612 votos).
Viqueira (467 votos).
Fran (442 votos).
Iónatan Aspas (345 votos).

Dianteiros:
Nacho Novo (460 votos).
Couñago (285 votos).

Vieiros fará un seguimento informativo especial do partido a través da web www.vieiros.com

7

Galiza 3 - Lisboa 1

Xogaron por Galiza: Isidro, Otero, Pasarín, Queralt, Torres, Balbino, Reigosa, Ramón González, Chiarroni, Polo e Pinilla



14

Sevilla 1 - Galiza 4

Marcaron para Galiza Ramón (2), Polo e Chiarroni.

21

Galiza 7 - Inglaterra 2

Xogaron por Galiza: Isidro, Otero, Clemente, Queralt, Torres, Balbino, Salvador, Ramón González, Chiarroni, Polo e Pinilla

4

Pontevedra 0 - Galiza 3

O 28 de xaneiro a selección de Pontevedra enfrontouse á selección galega no campo de Bouzas e o partido rematou cun 4-1 no taboleiro. Este foi o resultado do encontro de volta.

18

Galiza 7 - Ferrol e A Coruña 1

Antes de disputar a final do trofeo interrexional contra Asturias, a selección xoga este partido amigábel.

1923

Xaneiro

1923

Febreiro

1923

Marzo

historia

Nos anos da República

O golpe de Estado de Primo de Rivera, en setembro do 23, detén –entre outras cousas– o fútbol galego, que non volve cobrar vida até 1930. Neste ano celébrase un partido no campo de Chamartín entre o equipo de Galiza e a selección do Centro. O partido convocouse para recadar fondos para as familias damnificadas polo naufraxio dun pesqueiro de Bouzas. Galiza venceu 4-1. O derradeiro partido da selección galega disputárase nas Olimpíadas populares de Barcelona, resposta internacional aos Xogos de Berlín, o 12 de xullo de 1936, seis días antes do golpe de Estado. Ninguén imaxinaba o que estaba a piques de suceder, e alí, en Barcelona, fican moitos xogadores galegos. A maioría loitará no bando republicano.

“Despois, cadaquén foi procurando sobrevivir, mesmo nos campos de concentración alemáns e franceses, e logo asentaron como mellor puideron”, relata Alfonso Eiré, director de *A Nosa Terra*, que estudou o fútbol daqueles anos.

Queda un testemuño de Lister que dá conta de partidos da selección galega no seu Quinto Rexemento, onde xogaron algúns dos galegos que estiveran nas Olimpíadas populares de Barcelona. Para Alfonso Eiré, “eses foron os últimos partidos máis ou menos oficiais da selección galega, pero non hai máis documentación que ese testemuño”.

Ao Quinto Rexemento pertencía Daniel Álvarez Quintás *Bolche*, músico e xogador que se fixo futbolisticamente no Pilón F.C. e fora un dos máis destacados na Olimpiada popular barcelonesa. Nas unidades do exército republicano combateron tamén Manuel Ruibal *Botones* que tras a guerra chegou a xogar no Celta, Constante Veloso Herodes que pertenceu ao Rácing de Ferrol, ou Manuel Carballo Carolo que foi unha das estrelas do Real Valladolid nos anos corenta. Outros xogadores das Olimpíadas populares, como *Bolche* ou Carballiño marcharon, tras a derrota da República, camiño do exilio en Francia, México e os Estados Unidos.



A longa loita (de pedra) pola Selección

Xosé Mª Lema Suárez | Historiador; autor de *Historia do C.D. Baio e da Liga da Costa* (1989), libro pioneiro das historias de equipos de fútbol.

Galicia-Uruguai marca o debú oficial da Selección Galega de fútbol o vindeiro 29 de decembro. Soa ben. E que será? Un partido internacional, interrexional, ou un *totum revolutum*? Os xogadores da selección uruguiaia son internacionais, e os da galega, como se van chamar, logo? ¿interrexionais, interautonómicos? A República Oriental do Uruguai, que en 1814 levaba camiño de ser unha provincia máis da actual República Arxentina, está hoxe admitida sen discusión no selecto club das nacións, e Galicia, que hai máis de mil anos xa contaba cun reino propio –por non remontármolos ó reino suevo da *Gallaecia* (411-585)– ve discutida a súa identidade nacional.

En fin... *deinde philosophari*: vaíamos ó noso. Saudamos a elección da selección charrúa –así chamada aínda que xa non quede na República Oriental, desde a independencia de 1828, un só representante desta masacrada etnia indíxena–, non só porque foi bicampiona do mundo (1930 e 1950), senón porque polas súas ringleiras teñen pasado moitos descendentes de galegos. Aínda máis, pouco saben que nela estaba Pedro Cea, membro do equipo uruguio que vencera a Arxentina (4-2) no primeiro campionato mundial, o de 1930, no Estadio Centenario de Montevideo. Como ben observou o galego-uruguio Manuel Suárez nas súas *Memorias riopratenses* (2003), Cea, fillo de emigrantes redondeláns, é aínda hoxe o único campión mundial de fútbol de sangue galego (e tamén fora campión olímpico). Espere-mos que non sexa o derradeiro.

Nada que obxectar á escolla dos adestradores: Arsenio, por

toda unha vida e os notorios éxitos do Deportivo nos noventa, e Fernando Vázquez, hoxe o técnico galego de máis prestixio. Na recámara quedan bos adestradores que non se deben esquecer, co mérito engadido de que adoitan facer as declaracións á prensa en galego: Xoán Veiga ou Luís César, de 2ª División, sen deixar de lado a Fernando Castro Santos ou David Vidal, ou a outros de 2ª B en alza, como o cacheirés Gelucho Gómez, da S.D. Negreira.

Non se podía prescindir de Vázquez (o Bo) para este histórico debut, pois fora un dos que máis se significara publicamente pola Selección xa desde a súa época de adestrador do Compostela (1995 e 1996). Fora por estes anos cando os Seareiros Galegos –seguidores do Celta, Deportivo e Compostela– avogaran por substituíren as liortas localistas entre Montescobles e Capuletarras por un obxectivo unitario: a Selección... ¡nacional!. Membros do rock bravú dos Seareiros gravaran na Estrada un CD co reivindicativo título de *Selección Galega, xa!*, que logo se presentara en Compostela. Nel participaran Nacho e M. Salgado, Fran e Xosé Ramón xuntando as súas voces ás dos grupos Xenreira, Os Diplomáticos do polifacético Xurxo Souto e outros. Ningunha emisora privada ou pública (ai, a ‘nosa’ Radio Galega!) se preocupara moito por promocionalo, pois preferíase o localismo cainita alentado por un tal Leri desde a illa de Toralla ou por un tal Vázquez (o Mao) desde o seu obelisco. O 29 de Nadal esperamos escoitar a coro, e con gheada, aquel tan pegadizo “Vai o ghol, aghora vai o ghol!”, Aghora vai o ghol! Aghora vai o ghoool!”, dun

dos temas do CD; tomara eu que se convertese no carraxento berro seco de apoio á nosa Selección.

“Eramos a excepción do estado español”, observaba hai uns días Vázquez (o Bo). O goberno galego do Antigo Réxime fixera oídos xordos ó que era un clamor, quizais para non molestar o aznarismo demonizador dos nacionalismos periféricos: non se fora pensar que ía en serio aquela arroutada de Cuiña de que o seu partido estaba na fronteira da autodeterminación!

En fin, agardemos que os nosos novos gobernantes non sufran agora a síndrome da moqueta, esa estraña doenza que ten levado a moitos que a pisan por vez primeira a un repentino Alzheimer selectivo que os fai esquecer quen estivo con eles tirando do carro por camiños esgrevios. Agardo que nos actos do partido haxa un solemne recoñecemento público para os Seareiros Galegos: que nese día grande non sexan uns simples convidados de pedra.

Xa se falou de darlles un bo protagonismo a Fran e a Xurxo Otero, xogadores-símbolo do fútbol galego dos últimos anos; ben, pero que non se esqueza a Nacho (como nunca o esqueceu Figo desde aquel Compostela: 2 - Barça do *Dream Team*: 1). Aínda que non recuperado da lesión que o obrigara a pendurar as botas, Nacho debéra ser o primeiro en vestir a chambrá albiceleste da Selección Galega, ou xa non nos acordamos da polémica que suscitara por preferila antes que a que lle estaba a ofrecer Javier Clemente? Por tal atrevemento sufrira ferintes críticas, tanto da Brunete mediática madrileña coma de boa parte da prensa galega.



CARBALLO
PORTA DA COSTA DA MORTE



www.carballo.org

A negación franquista

O franquismo impediu a arela dunha selección galega. Aínda que en 1943 o Deportivo xoga contra un equipo de galegos, con Ricardo Zamora na portería, non hai novas da selección galega como tal. O xornalista e historiador Carlos Fernández, en *O fútbol*

e a súa historia, *A historia do fútbol galego*, lembra que, en febreiro de 1950, *La Hoja del Lunes* anunciaba que o trofeo Teresa Herrera abriría cun Combinado Galego-Irlanda. Ao final quixose optar por un Lisboa-Combinado Galego que acabou sendo substituíndo por un Atlético de Madrid-Lazio. Segundo Fernández, “quizais pesou o balbordo dun España-Portugal de seleccións B que se xogou en Riazor no 48. Todo o mundo agardaba que o porteiro de España fose Acuña; cando viron que o titular era Velasco, do Barcelona, ao público de Riazor deulle por asubiar o himno español. Non sei se iso motivaría que a selección galega pasase definitivamente ao arquivo”.



Un dos combinados galegos que disputou partidos nos anos cincuenta.

Entrevista a Marcelino, o galego que marcou o gol a Rusia

“Os galegos do 64 gañaríamoslle ao Brasil de Pelé”

O dianteiro galego Marcelino Martínez Cao nunca foi unha icona do franquismo ao uso. Agora, radicado en Galiza desde hai vinte e cinco anos, compatibiliza a construción de inmóbeis coa fisioloxía deportiva.

Vieiros: Na selección do 64 había 4 galegos: Suárez, Amancio, Reija e vostede...

Marcelino: Si, eramos catro. Reija é un mito en Aragón, e foi considerado o mellor defensa do mundo. A verdade é que non sei por que na Coruña está tan esquecido. Como tamén se esqueceu bastante a Suárez, se falamos de xogadores da Coruña. Eu debutei no Ares e cheguei a xogar no Rácing, antes de marchar cara a Aragón... son máis de Ferrol.

É Raúl “o mellor xogador da historia de España”?

Raúl na selección non gañou nada. Se aqueles xogadores de 1964 xogásemos 56 partidos ao ano, España tería dous campionatos do mundo. Pero o noso peor inimigo foi o Goberno. O que dirixía os destinos do deporte español desmixelou a selección do 64, a mellor que tivo nunca España.

Debutou coa selección española no 59, con 19 anos. Entón xa era o que se di unha ‘estrela’...

Eu no 59 xa clasificara a España para os Mundiais de Chile. Gañamos 3-2 a Marrocos, eu marquei un gol e din os outros. Entón fálome moito do interese do Madrid por min, pero eu cobraba un millón e medio no Zaragoza, e Di Stéfano 600.000 pesetas no Madrid. O Madrid non tiña diñeiro para pagarme...

Até que punto chegou a fartalose verse no NODO como “Marcelino, heroe de Rusia”?

Eu á prensa de Madrid apenas lle concedía entrevistas. Aos do diario *Pueblo* díxenlles directamente que non lles facía ningunha declaración, e que mentres existisen dúas porterías e un campo de fútbol, eu era o número un... que tomasen mate. Era o tema eterno do Madrid, pero eu daquela, despois de Suárez, era o mellor xogador español.

E iso non lle tivo problemas?

Non. O franquismo non quería iconas do Zaragoza. Despois dun partido contra o Barcelona, na UEFA, eu xa non volví a Madrid. O equipo de Franco era o Madrid, e despois respectábase ao Barcelona e ao Athletic... O centralismo entón era terrible, e os aragoneses non eran conflictivos. As finais todas facíanlas xogar en Madrid...



Galiza-Irlanda, 1950

Por Carlos Fernández | Historiador e xornalista

Durante a ditadura de Franco, a selección galega só mereceu a consideración de rexional, participando nos campionatos que organizaba a Federación Española cos doutras rexións. De todos os xeitos, celebráronse algúns encontros amigábeis con tal denominación, esencialmente homenaxes a xogadores que se retiraban do fútbol activo. Así, en setembro de 1939, o combinado galego xogou contra o Deportivo. Perdeu 4-1.

Máis importancia tivo o partido que se celebrou o 4 de xaneiro de 1943 no campo de Riazor en homenaxe a Paco González, enfrontándose o Deportivo a un combinado galego que contou cun cobizado reforzo: Ricardo Zamora, que viña de se retirar.

Os galegos aliñaron a Zamora (Trigo), Caliche, Prat, Alvarito, Leonardo, Silvosa, Ardebol, Mundo, Del Pino, Agustín e Roig. A maioría eran xogadores do Celta, entre os que sobresaían os canarios (Del Pino e Agustín) que alimentaron en bo número

o equipo vigués na posguerra. O resultado do partido foi 3-3; no comezo, Acuña fotografouse con Ricardo Zamora, quen o gabou coa seguinte mensaxe dedicada: “Co desexo e a seguridade

rio Marrero, que fora xogador do Deportivo e do Real Madrid, amais de adestrador, enfrontándose no Inferniño unha selección galega co Rácing de Ferrol, cun 2-2 final.

No Teresa Herrera anunciouse un partido de Galiza contra Irlanda que nunca chegaría a celebrarse

de que será o meu continuador na defensa da portería da selección española”.

Tamén convén citar os reforzos do Celta en determinados partidos do Deportivo contra grandes rivais; pódese dicir que aquilo tiña certo aire de selección galega. Por exemplo, en xaneiro de 1947, en Riazor, contra o mítico San Lorenzo de Almagro (0-0), ou en maio de 1955, contra o Vasco de Gama, en homenaxe a Cuenca, co reforzo dos célticos Olmedo e Carlos Torres e do mesmísimo Alfredo Di Stéfano.

Tamén, en maio de 1947, houbo unha homenaxe a Hila-

rio Marrero, que fora xogador do Deportivo e do Real Madrid, amais de adestrador, enfrontándose no Inferniño unha selección galega co Rácing de Ferrol, cun 2-2 final.

use que o Teresa Herrera daquela ano o xogarían, o 26 de maio, a selección galega e a de Irlanda.

Ao final, as autoridades deportivas pensárono mellor e acabaron xogando o Atlético de Madrid e a Lazio de Roma. Quizais pesou naquela decisión o partido celebrado en Riazor, en 1948, entre as seleccións B de España e Portugal. Naquel partido, o público asubiu mentres se interpretaba o himno de España, como mostra de repulsa por deixaren a Acuña no banco. Xogara entón de titular o meta catalán Velasco, bastante inferior ao coruñés.



A movida dos bravús

A reivindicación da selección galega non volveu aparecer até 1977 cando *A Nosa Terra* reabriu o debate sobre a súa creación. Case todos os xogadores galegos se declararon a favor. Pousada, García, Vales, Iglesias, Miguel Ángel, Luís Suárez... todos eles se pronunciaron a prol da selección galega.

O primeiro partido da selección galega despois da ditadura estivo a piques de celebrarse o 24 de xullo de 1980 en Compostela, pero colleu aos xogadores de vacacións.

En 1982, antes do Mundial de España, houbo outra tentativa para organizar un partido contra Camerún que tampouco prosperou.

A reivindicación da selección galega esmoreceu até que Siareiros, un agrupamento de peñas do Celta, o Deportivo e mais o Compos, volven á carga pedindo a Selección galega, xa!

En 1997, Xurxo Souto cataliza a creación do primeiro número da Revista Bravú, de periodicidade asemblearia, co retrouso *Selección Galega Xa!* Había moita xente nova nun proxecto integrador: alí escri-

bían desde Rodri Suárez a César Casal, e desde Manu Chao, Jaureguizar ou Rivas até Xaime Calviño, Alfredo Pardo ou Ánxel Vence. E alí aparece a vella foto que lle fixo Ramón Caamaño á Selección Galega de Fútbol.

A idea reencarnouse deportivamente na Estrada, nun partido entre seareiros e profesionais do xornalismo e da cultura en Galiza, que comezou coa *Marcha do Antigo Reino de Galiza*. Os seareiros gañaron 7-2. No equipo de intelectuais xogaban Eiré na portería; Reixa, Cid Cabido e Josito Pereiro na defensa; e Moncho Viña, Manuel Rivas, Rómulo Santiago, Xurxo Souto ou Paco Lodeiro (que xogou no Fabril) na media e cara adiante. Jaureguizar aliñouse no equipo gañador.



A afeción volvou co equipo do Seareiros que finalmente gañou o partido por 7 a 2



Seareiros do Compos, Celta e Deportivo citáronse na Estrada para promover a creación da selección galega co apoio dun equipo de intelectuais e xornalistas

Denantes mortos que goleados

Por María Yáñez | Xornalista e directora de Vieiros

Así rezaba, e nunca mellor dito, a versión do escudo galego da serea de Castelao feita por Miguelanxo Prado para a campaña pola Selección Galega que sacara hai xa uns anos a revista *Bravú*. Aque-la imaxe foi precursora no movemento gráfico actual que podemos denominar “mata os teus ídolos” (aunque sexan galegos).

Pero aquela imaxe, ao tempo, resumía e dignificaba a coraxe, o romanticismo e a identidade que ao longo do século XX o fútbol lles deu aos pobos e que tanto precisaba o noso, afeito a recibir malleiras ben máis aló do plano balompédico.

Mais esta non foi a única nin a primeira demostración de que nacionalismo, retransca e fútbol facían unha combinación xeitosa

e necesaria, aínda que só fose para achegarlle algo de conciencia a unha afeción máis ben considerada como un fato de descerebrados. Nas bancadas de Riazor, Balaídos, San Lázaro, A Malata, O Couto, Anxo Carro ou Pasarón ruxía unha febre patriótica e esmorgueira que tanto lucía bandeiras galegas con vacas ou estrelas vermellas como se poñía a cantar a rianxeira cada vez que se marcaba un gol. As rivalidades entre equipos galegos quedaban nun quítame alá ese cartón comparadas coa euforia colectiva cada vez que un Dépor ou un Celta gañaba ou mesmo perdía dignamente no Bernabéu. O orgullo nacional, unha paixón tan baixa como outra calquera, xúntase co orgullo de clase e co



deportivo porque se precisan, aunque só sexa para ser coma os demais. E temos sentidiño e retrans-

ca dabondo como para non caer en roncherías ultras. Se total o resultado é o de menos. Máis putas que co penalti de Djukic non as podemos pasar.

Agora que goberna a Galiza do fondo sur temos a oportunidade subvencionada de demostrar o noso poderío futbolero, se é que o temos. Antes do 29-D só podemos asegurar que, ao contrario que a furia española de camisa azul e sobacos mollados, a galega será a única selección capaz de mesturar o orgullo coa modestia —a elección dos adestradores, que non podía ser outra, así o promete— e a que máis capacidade de convocatoria extradeportiva teña. Está claro que non vai ser todo fútbol, pero home, un par de goliños había que meter.

Vai o jol!!!

Por Rómulo Sanjurjo | Músico

AJORA, AJORA, AJORA VAI O JOL!!!, era o berro dunha vella cada vez que o seu equipo, o Atlético Ribeira, se lanzaba ao ataque, nun partido da Primeira Rexional. Once fulanos e o canto dunha vella contra todo o mundo. Fútbol de ataque, fútbol total.

Aghora chegou o tempo de xuntar as nosas gorxas na bancada e recuperar ese berro definitivo, acompañándoo de vellas cancións de taberna. Meter o noso JOL histórico nun partido contra o tempo perdido pola repunancia dos nosos gobernantes. Ceibarnos de vellos complexos e tirar cara adiante, ollando só para a portería contraria co noso fútbol tacón-punta-tacón.

Neno, colle a pandeireta e tira para San Lázaro que hoxe é festa.

*Futbolista de Galiza, non te
[laies, segue a loita,
se perdestes o partido, non vos
[foi por culpa vosa.*

*Non vos foi por culpa vosa e
[menos do adestrador;
foi a fada dunha meiga que
[vos trouxo esta door.*

*Corre, regatea; pasa de cabeza,
[o dianteiro velaí está...
Pró vindeiro ano, se andades
[lixeiros, a Liga ides gañar.*

*Vai gañar Galiza, vai gañar
[Galiza, Galiza vaina gañar,
[si señor;*

*Pró vindeiro ano, a Liga de
[España, Galicia vaina gañar.
Seguide xogando, seguide
[treinando; os goles
[xa chegarán;*

*Pró vindeiro ano, se vos
[atufades, Galiza vaina gañar.
Vai gañar Galiza, vai gañar
[Galiza, Galiza vaina gañar,
[xa cho sei.*

*Pró vindeiro ano, se vos
[arrichades, por Galiza
[ides gañar.*



Un tanto máis para Galicia

www.concellodeames.org

¿fútbol ou unha de vikingos?

tanto se es un tolo do fútbol como se che van as de aventuras, escolle a **televisión R**

porque nela podes atopar máis de 40 canles temáticas, o **fútbol galego por só 6 €**, o **mellor cine de estrea** e as canles da TDT dende o 20 de febreiro, con toda a calidade da fibra óptica de **R**

contrata a televisión R antes do 31 de xaneiro e paga só a metade das tres primeiras facturas

televisión R

infórmate gratis no

1445
mundo-R.com

Crónica dunha ilusión

É evidente que a selección galega tardou demais. Para Carlos Fernández, que Galiza non conseguise selección galega até agora, converxendo con Murcia, “é unha vergoña, tiñana todas as autonomías agás nós.”

A selección galega farase realidade de cambio político. Tras a toma de posesión do novo goberno da Xunta de Galicia, a comezos de agosto, unha das primeiras iniciativas da Consellaría de Cultura e da Secretaría Xeral para o Deporte foi iniciar as xestións para crear a selección galega de fútbol.

O 19 de agosto, o novo director xeral de Deportes, Santiago Domínguez Olveira, anunciou que “de inmediato poñeremos en marcha as xestións necesarias para crear

unha selección galega de fútbol. A intención é que Galiza estea presente en todos os eventos deportivos do máximo nivel e que os equipos nacionais teñan todo o respaldo necesario”. A seguir Domínguez mantiña un primeiro contacto co presidente da Federación Galega de Fútbol, Xulio Meana, noutrora refractario á creación do combinado, co obxectivo de lograr que “Galiza deixe de ser a única comunidade autónoma que non dispón de selección” e asinábase

un protocolo entre a Xunta e a Federación para botar a andar a selección de fútbol de Galiza.

Santiago Domínguez e mais a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, reuníanse, o 8 de outubro, con algúns dos xogadores máis emblemáticos do fútbol galego coma Fran, Xurxo Otero ou Michel Salgado, que xa apoiaran no seu momento a creación da selección, para presentarles a proposta, e adiantaban igualmente contactos con Arsenio Iglesias e Fernando Vázquez para que ocupasen o posto de adestrador.

Pola súa parte, os presidentes dos sete clubs profesionais de fútbol galegos de Primeira, Segunda e Segunda B reuníronse con Domínguez Olveira o 14 de outubro e declaraban a súa disposición para colaborar na creación do combinado galego e facilitar a participación dos xogadores dos seus clubs.

O 11 de novembro, os responsables do deporte galego, presen-



Xurxo Otero, Ánxela Bugallo, Santiago Domínguez e Fran González.

taban o traxe oficial da selección galega, inspirado na bandeira e na “reflexión sobre a identidade galega”, o branco e o azul foi a escolla dos deseñadores Pepe Barro, Lía Santana e Xosé Salgado do grupo Re-Visión para o innovador equipamento.

O 29 de decembro o equipo galego de fútbol profesional xogará contra Uruguai o seu primeiro partido. A ilusión de moitos seareiros e seareiras farase así novamente realidade, 83 anos despois de que se disputase en Coia o primeiro partido oficial da selección galega.

Santiago Domínguez:

“Imos traballar por unha Copa Galiza de clubs”

O Director Xeral para o Deporte séntese satisfeito pola convocatoria e ilusionado pola “gran festa” do fútbol galego que haberá hoxe en San Lázaro. Para o 2006 promete novas competicións para a selección de fútbol, así como novas seleccións para competir noutros deportes. Tampouco descarta o Galiza-España nun futuro non tan afastado e insiste en quitarlle ferro e connotacións políticas á confrontación entre nacións. Pode que o próximo sexa xogar contra outras nacións do Estado.

As entradas esgotáronse a 5 días do partido, polo que en San Lázaro haberá cheo total. Agardaban este éxito de convocatoria?

Agardabamos que o estadio de San Lázaro se enchera pero non con tanta antelación. A verdade é que todo isto desbordou as expectativas máis optimistas, o que vén corroborar que o partido era algo moi esperado por toda a cidadanía e polo fútbol galego en xeral.

Que espera que aconteza hoxe no campo?

Esperamos que sexa unha gran festa na que por primeira vez todos os seareiros galegos, sexan do equipo que sexan, poidan gozar apoiando un mesmo equipo. Nós sempre pensamos que isto é moi importante para facer país. No deportivo, espero que a selección galega gañe, que se vexa un bo espectáculo deportivo, e que os nosos xogadores brillen no campo.

Ten a porra feita?

Si, 2-0 a favor de Galiza.

Que opina da selección feita por Arsenio e por Vázquez?

Ben, cando se fai unha selección todos somos seleccionadores en potencia, todos temos o noso equipo favorito, e loxicamente é complicado contentar a todos. Pero penso que hai un bo plantel de xogadores e que imos reunir unha boa selección. Non vou entrar en cuestións técnicas que afectan os seleccionadores, pois cando a Federación Galega aposta por Arsenio e por Fernando Vázquez é por-

que están convencidos de que o van facer ben.

Séntese defraudado polas ausencias de última hora?

Nós sabíamos de antemán que ao ser un partido amigábel e non estar catalogado como oficial pola FIFA, habería clubs que por cuestións deportivas non quixerían ceder os xogadores, pero iso é algo que está pasando non só na selección galega senón en todas as autonómicas. Ao final, independentemente de que veña un ou outro xogador, o importante é o feito histórico de que a selección galega vai debutar.

Daquela a selección galega está condenada a prescindir dos galácticos e conformarse con xogadores de categorías inferiores?

Non está condenada a prescindir de ninguén, pero si é certo que temos o handicap das leis deportivas. Contra eles non podemos pararnos nin podemos mandar agora unha mensaxe de resignación, o que temos é que tirar para arriba cos que poidan vir e con eles demostrar que temos unha selección competitiva.

Que lles diría a esas voces de Madrid que non lle chaman a isto “futbol serio”?

Iso é porque temos un Estado que por desgraza segue a ser moi centralista, e hai persoas que poden ver nisto certas cuestións políticas. Non hai máis que contestarlles que temos un estadio ateigado, que isto vai ser un día de festa do fútbol galego e nada máis.



“Queremos que a selección compita con outras nacións do Estado”

A afección espera que este sexa o primeiro partido de moitos... cales serán os próximos enfrontamentos da selección?

O máis difícil xa está feito, que foi lograr que a selección debutase. Logo imos traballar para que a selección galega siga xogando partidos e mesmo que se poidan facer competicións con outras seleccións autonómicas. A nosa idea é organizar algún tipo de torneo entre as nacionalidades do Estado español, pero aínda temos que concretalo.

O Galiza-España aínda está lonxe, non?

Si, está lonxe, pero tampouco descartamos que as leis cambien e que dentro de algúns me-

ses ou anos se poida tamén ter esa confrontación, que non significa nada máis que unha confrontación deportiva.

O vicepresidente vén de dicir que a dirección xeral “debe valorar” a creación dunha Copa Galiza de fútbol, ao xeito das que xa hai en Cataluña... vaino “valorar”?

A min paréceme unha moi boa idea e tamén imos traballar por iso. Creo que Galiza ten equipos de alto nivel para poder configurar unha verdadeira Copa Galiza de clubs de fútbol, igual que se fai en Cataluña dende hai xa algúns anos.. Imos empezar a traballar ese tema, analizar a posibilidade

Como ve os xogadores convocados? Están ilusionados?

Moito. Vimos de falar con eles e cos seleccionadores e todo o mundo está moi ilusionado, non hai ningún xogador que dixese que non quería vir. Os xogadores que non están o día 29 non é porque eles non quixeran participar, senón porque os seus contratos profesionais fan que se deban ás decisións dos seus clubs. Pero todos manifestaron dende o primeiro momento o seu desexo de participar neste día histórico.

Suponse que para moitos deles será tamén unha grande oportunidade para que se vexa o seu xogo e que se teña máis en conta a canteira no futuro...

Ese era un dos obxectivos que dende o principio pensamos que ten que cumprir tamén este debú. A selección debe ser un escaparate para que todo o mundo comprobe a valía de moitos xogadores que non están hoxe xogando en Galiza e que o están facendo noutros clubs do Estado e mesmo internacionais.

de calendarios e datas, e se é posíbel farémola.

Que vai pasar cos outros deportes galegos?

Dende logo isto non fixo máis ca empezar. Nós cremos que hai deportes nos que podemos competir a calquera nivel e queremos que no futuro haxa seleccións de piraguismo, de baloncesto feminino, de balonmán...

Non nos pode adiantar nada concreto? Tal vez ciclismo ou piraguismo?

Non hai nada concreto nestes momentos. Só podo dicir que non imos renunciar a participar cunha selección galega en todos os deportes nos que sexa posíbel... e se nos permita, claro.

Selección bravú

Xurxo Souto | Músico, escritor e Director de Programación da Radio Galega

A no 97, lembro ben o remate daquel adestramento en San Lázaro. Con auténtica elegancia no caneo, Nacho foise desfendendo dos xornalistas que o rodeaban para atender a demanda máis estraña que lle tiñan proposto en moito tempo: gravar unha canción para o disco-manifesto "Selección Galega Xa! O de Foz dixo si, e aí queda para historia "Selección Ska", coa súa gorxa poderosa a carón do metal ben timbrado de Xenreira. Entrega parecida á que mostrou un xogador noviño do Celta, daquela cedido na afastada Salamanca. "Estou ben contenta de que vos lembredes do meu fillo", díxerame por teléfono a nai de Michel Salgado. E aí está a súa voz noutra das pezas daquel CD da *Revista Bravú*: "Selección de Breogán", na compañía de Korosi Dansas de Vilagarcía. "Non digas fume de carozo. Canta caroso", correxíalle Fran ao seu irmán Xosé Ramón durante a gravación de "Lume de biqueira!", a repichoca que armaron cos Diplomáticos de Monte-Alto. E que a paixón pola selección era tan fonda que mesmo esixía que das gorkas dos irmáns de Frións agromase de vez o seu galego de Ribeira. Unha ilusión colectiva que volvíñ sentir ese ano 97 en cada

reunión, en cada proclama, en cada concerto dos Siareiros Galegos. Mesmo comprobei como rapaces seguidores do Celta e do Deportivo, ata entón inimigos irreconciliables, foron quen de unirse nun couce solidario para desgraza das canelas de Alfonso Eiré, Antón Reixa, Manuel Rivas e demais integrantes do "Equipo de Persoeiros", ese "combinado intelectual" que se enfrontou ao "Equipo Siareiro", no mítico partido da Estrada, na procura da selección galega!

As cousas boas transcenden sempre. A alegría de entón será a mesma que agrome no grande encontro de San Lázaro. Ese soño de ver xuntos no terreo de xogo a Pouso, Pereira, Salgueiro, Castro, Recoba, Núñez e Varela. Atención! estes xogan no equipo contrario! Grazas ao fútbol moitos imos redescubrir a dimensión cosmopolita da identidade de Galiza. Pola marabilla do deporte teremos a oportunidade de recoñecernos no Uruguai, e cultivar unha fermosa relación entre pobos que a dinámica dos estados habitualmente nos nega. E logo din que o fútbol non é cultura. En fin, Galiza-Uruguai, viva a selección galega! Non sei se é partido amigable, ou duelo fratricida, pero moito che me presta.

De que falamos cando falamos de fútbol?

Suso de Toro | Escritor

De que estamos a falar cando falamos de fútbol? De moitas cousas, non só dunha pelota e de vintedous nachos que corren detrás dela, falamos de case todo. E por iso a xente discute e rifa falando de fútbol, porque por debaixo do que se di sobre as xogadas, sobre un equipo ou outro, discútese de máis cousas. Por iso cada equipo é dun lugar, e por iso houbo sempre equipos "de señoritos" e outros que eran "de traballadores". Ben sabemos que hoxe non hai diso, pois os equipos de fútbol son todos empresas por igual, mais a xente entendíao así, un equipo de fútbol era unha bandeira. E a xente polas bandeiras ponse de medo, emocionase de máis. Emocionarse está ben, tolear e odiar ao que é doutro equipo iso xa non está ben. Ora que emocionarse está ben. Todos nos emocionamos, uns máis e outros menos. E emocionarse co

equipo dun é lóxico, lóxico que os galegos apoiemos a nosa selección. Sen tolear, sen que iso nos leve a odiar aos que compiten con nós e cos que partillamos un campionato. E ademais de ser lóxico sería tan extraordinario que mesmo é difícil de crer, pois se hai unha cousa que se nos dá ben aos galegos é andar aos paus uns cos outros, os de arriba cos de abaixo, os de aquí cos de aquí ao lado. Xusto o que non temos é unha emoción que nos una. Non todos gustamos do fútbol, mais recoñezámolo: o fútbol é hoxe un lazo de unión social, de comunicación. O conxunto de equipos de fútbol dunha liga é o que constrúe un país. E sobre o fútbol galego hai que dicir que cando a nosa bandeira estivo prohibida as súas cores refuxiáronse nas camisolas dos nosos equipos, esas camisolas azul e brancas. As camisolas dun país azul e branco.

Bernardino González, o árbitro do partido

A xustiza por diante dos agarimos

Bernardino González Vázquez, nacido en Fráncfurt en marzo de 1966, é un dos dous galegos que arbitran na Primeira División; o outro é o pontés Evaristo Puentes Leira. A familia de Bernardino González reside en Ourense. É axente comercial. Leva chifrado dez partidos a nivel europeo. Hai pouco máis de catro anos, debutou en Primeira División arbitrando un Betis-Real Madrid. A súa media de cartóns esta tempada é de 8,4 que reparte equilibradamente entre locais e visitantes. A subía moi poucos penaltis (dous en sete partidos). Habitualmente está asistido nas bandas polos galegos Alfonso Costoya Rodríguez, liña de Primeira División, e Roberto González de Segunda División. A estatística informa que González Vázquez adoitan gañar os equipos que xogan en casa.

«A xente ten que mentalizarse, e a selección creará moita ilusión entre os rapaces do fútbol base en Galicia»

Non lle fai ilusión ser o primeiro xuíz desde 1936 que lle chifra un partido á selección galega?

Non cabe dúbida de que me fai ilusión. E como din por aí, máis vale tarde ca nunca. A ver se isto se segue facendo, como pasa en todos os sitios...

Cómo o nomearon a vostede, e non a Evaristo Puentes Leira?

Creo que me nomearon a min por ser o único árbitro interna-



cional galego; pero é evidente que Evaristo asubiu moitos máis partidos ca min.

Até que punto pode ser a selección galega un estímulo para a canteira do país?

Trátase dunha medida moi acertada. A xente ten que mentalizarse, e a selección creará moita ilusión entre os rapaces do fútbol base en Galicia. Chegar a Primeira é moi difícil, e a selección galega sempre estará aí.

Imaxine que son os últimos minutos do partido, Uruguai gaña 2-0 e na área charrúa ten lugar un deses penaltis ao criterio do árbitro. Sería o primeiro gol de Galiza en 69 anos...

O árbitro ten que actuar con xustiza e nada máis. Ten que ser árbitro. Amais, nun partido de fútbol xogan once contra once. Pode pasar calquera cousa.

A selección

Non foi doado xuntar os primeiros trinta homes da selección galega, pois moitos están nas principais ligas do mundo, e vense obrigados a respectar apertados calendarios: Suíza, Inglaterra, España... Pero os nosos xogadores, da Premier á Segunda B, teñen calidade para encher ben un equipo de titulares e un banco de categoría. Este once inicial dá boa fe.

O ex defensa céltico, un dos protagonistas do 29-D

Otero: "A maioría estabamos agardando pola nosa selección"

Xurxo Otero (Nigrán, 1969) xogou no Celta entre 1987 e 1994. Os seus últimos partidos coa camisola celeste servíronlle para chamar a atención de Clemente, que o fixo defensa da selección española no Mundial USA 94 e repetiu a operación na Eurocopa de Inglaterra en 1996.

Que che parece o da selección galega de fútbol?

Algo que a maioría estabamos esperando. Eu levo moitos anos como profesional, e lembro ter 18 anos e escoitar xa cómo se falaba da selección galega... Como ves, tivemos que agardar outros tantos até agora, no final da miña carreira, que parece que terei a oportunidade. Máis vale tarde ca nunca. Os

que sempre estivemos aí, agardando que a selección galega xogase, xa poderemos dicir que non somos distintos.

Interpreta o seu retraso en clave política?

Si. Quíxose ver a selección galega como algo político, cando era unha oportunidade para os futbolistas galegos, moitos dos cales son descoñecidos para a xente.



Aquí en Galiza hai moitos xogadores, e é un pouco triste que tiñese que haber un cambio político para facela realidade. Creo que Bugallo e Santiago Domínguez puxeron moito da súa parte, e iso é de agradecer.

O xogador que foi adestrador

Arsenio, orde e talento

Hai moitos retratos de Arsenio. Entre eles, o que Arsenio fixo de si mesmo, tras un Dépor-Albacete de promoción a Primeira. O equipo castelán pedira dous penalties claros. “Fan ben”, dixo o galego. “Hai que pedir sempre”.

O primeiro partido de Arsenio co Deportivo foi contra o Barcelona en 1951 e o seu primeiro soldo sumaba 800 pesetas ao mes. O seu derradeiro encontro como xogador branquiazul na 56-57.

En 1969, sacou o título de adestrador. Adestra ao Fabril e logo ao Deportivo. Recunca en Alacante, Zaragoza, Burgos, Elxe e Almería. Volve ao Dépor en 1984, marcha para retornar en 1988. No campionato 1990-91 logra o ascenso, vaise e volve xa que Boro-

nat, o seu substituto, non calou en Riazor.

Daquela comeza todo. Arsenio fica no equipo deportivista ata 1995. En tres anos, o equipo convértese nun dos grandes da Liga. O Dépor acadada a súa primeira clasificación para unha competición internacional, a Copa da Uefa.

En 1994, ten lugar o episodio máis dramático da historia do clube. No último minuto, Djukic falla o penalti decisivo. A tristeza deportivista é infinda.

En 1995 o Deportivo de Arsenio gaña a Copa do Rei e logo protagoniza unha experiencia fallida no Real Madrid.

“Foi amarrón cando tivo que selo pero cando tiña bos equipos, incluso en Segunda, e xa non digamos



LEANDRO

cando dispuxo de Mauro, Beбето e compañía, fixo moi bo fútbol, por veces extremadamente ofensivo”, lembra o xornalista

Rodri Suárez.

Para moita xente, Arsenio Iglesias representa algúns dos valores da identidade galega: humildade e intelixencia, ironía e resignación, orde e talento.

Agora Arsenio, con Fernando Vázquez, é o primeiro adestrador da selección galega de fútbol. Como recoñeceu na presentación, “non agardaba este premio a estas alturas.”

O adestrador que nunca foi xogador

Vázquez, a intelixencia disidente

Fernando Vázquez comeza a súa carreira deportiva creando unha escola de fútbol e ascendendo o Lalín a 2ª B. Logo adestra en Ferrol e Lugo no tempo en que o Compos chega a Primeira, con Castro Santos. Caneda, presidente do Compos, non renova a Santos e aposta por Vázquez, un adestrador “intelectual” que nunca xogou ao fútbol.

A SD Compostela, sen estrelas mediáticas pero con bos xogadores (Fabiano, Nacho, Ohen, Passi...) gaña 4-0 ao Deportivo. É o big bang de Vázquez. O Barça de Cruyff perde 2-1 en San Lázaro. O Compos é subcampión de inverno.

As súas relacións con Caneda foron bravas. O Compos mantén o tipo na liga, pero Caneda interfire nas súas decisións. En 1998

destitúeo. O Compos perde a categoría. El comeza a súa peregrinaxe: a tempada por equipo. O Celta bota man del e Vázquez rescata o equipo da 2ª División.

Até hai poucas semanas, o Celta era, estatisticamente, o mellor equipo ascendido en corenta anos de Liga. Pero a relación do adestrador galego con algúns xornalistas e parte do público de Balaídos non é de todo feliz. Vázquez pasa por ser un adestrador que non cae totalmente ben nin na Coruña nin en Vigo. Na Coruña doen os catro goles que lle meteu o Compos ao Dépor de Toshack en 1995. Para un pequeno sector vigués, Fernando Vázquez é o “adestrador coruñés”. E asubíanlle.

Vázquez sempre foi un home disposto a falar coa prensa. O xornalista de *El*

País, Xosé Hermida lembra que no fútbol “aínda se considera sospeitoso a alguén capaz de dar explicacións tácticas, e facelo ben. Aí se lle foi creando a Vázquez unha certa sonda de pitagorín”.

Para Arturo Lezcano, de *El Mundo*, “ninguén pode defender con argumentos que Vázquez é un adestrador conservador.” No fútbol da Liga das estrelas Vázquez gaña corpo como un adestrador tan intelixente como disidente e incorformista.

Nacho, que o coñece de vello, conclúe: “Fernando é un adestrador moderno, quizais moitas veces incomprendido. Moi traballador e unha excelente persoa”. A algúns todo isto parécelles pouco.



LEANDRO

do País

O EQUIPO

Adestradores: Arsenio Iglesias e Fernando Vázquez

Banco:

Dani Mallo	Cabrejo	Viqueira	Corredoira
Roberto	Bouzón	Fran	Pablo Álvarez
Michel Salgado	Aspas	Trashorras	Borxa
Noguerol	Diego Castro	Xulio Álvarez	Maikel Deus



O medio do Rácing

Juanito: “Por fin Galiza estará unida”

Temos posibilidades contra Uruguai?

Os uruguaiois son moi complicados. Trátase dunha selección feita, e nós estamos comezando. E non todos xogamos na Primeira División...

Servirá a selección galega para civilizar as rivalidades futbolísticas en Galiza, como pasa en Euscadi, por exemplo?


Acontecementos coma este Galiza-Uruguai do 29 unen a todo o mundo. A xente vains ver a todos como galegos. E iso, de seu, é unha novidade. Por fin Galiza estará unida.



Xóan Luís Amigo Ferreiro (Santiago, 1969) un dos xogadores máis veteranos da selección e un dos máis comprometidos con ela.

ESTADIO DE SAN LÁZARO

Situado en Santiago de Compostela, inaugurouse en xuño de 1993. Conta cunha capacidade de 11.750 espectadores.





Selección de Galiza que se enfrenta a Uruguai o 29

Os nomes que configuran o conxunto da selección galega, por filas de arriba a abaixo e de esquerda a dereita:
Rubén, Capi, Xulio Álvarez, Isaac, Noguerol, Oubiña, Couñago, Otero;
Trashorras, Iago Bouzón, Maikel, Nano, Viqueira, Cabanas, Iónatan, Iván Carril;
Paulo Álvarez, Dani Mallo, Diego Castro, Corredoira, Borxa, Nacho Novo, Sito, Diego López;
Juanito, Roberto Losada, Salgado, Arsenio, Fernando Vázquez, Fran, Dacosta e Cabrejo.



9 de decembro do 2005 en Compostela



O pequeno gran rival

Uruguai gañou dúas veces o mundial de fútbol. Xogando coa selección uruguiaia, o redondelán Pedro Cea conseguiu a primeira medalla de ouro olímpica para Galiza. Ademais, Uruguai é o país con máis galegos por habitante, despois de Galiza. Por iso é un gran rival para esta primeira vez.

A selección de Uruguai é a cuarta selección con máis títulos mundiais de fútbol, despois de Brasil, Italia e Alemaña. Na primeira final do torneo, en 1930, venceu a Arxentina. E en 1950 derrotou a Brasil no estadio do Maracanã, no Río de Xaneiro, partido que pasou á historia acuñando o concepto de *maracanazo*. Participou outras oito veces no Mundial, e a piques estivo de clasificarse tamén para a edición de Alemaña 06, da que

quedou apeada no último suspiro e por penaltis.

O equipo oriental que temos diante é o primeiro que selecciona Gustavo Ferrín, logo da recente destitución de Fossati. A súa grande figura é Álvaro Recoba, estrela do Ínter de Milano. Pero na súa base estarán ademais case todos os xogadores que disputaron a eliminatoria mundialista contra Australia e que militan nas mellores ligas de Europa e América.

A relación de Uruguai con Galiza vai máis alá das participacións actuais de Munúa e Taborda no Deportivo, ou de Méndez e Canobbio no Celta. Comeza, por exemplo, con Pedro Cea, emigrante redondelán que gañou todas as honras no fútbol uruguiaio dos anos vinte. Co Nacional de Montevideo conseguiu o trofeo ligueiro, e coa selección estivo nos ouros olímpicos

de Ámsterdam (1924) e París (1928) e no Mundial de 1930.

Unha relación entre charrús e galegos reforzada coa grande emigración a Uruguai de principios do século XX. Uruguai é o país do mundo onde hai máis galegos por habitantes, logo de Galiza. Se en Uruguai viven tres millóns de persoas, estímase que ata un terzo son galegos, ou descendentes. Todos e todas, de Montevideo a Ribadeo, pendentes do partido.

Uruguai

Extensión: 176.000 km²
(como 6 Galizas)
Poboación: 3.500.000 hab.
Capital: Montevideo
Presidente: Tabaré Vázquez
Último campión de Liga:
Nacional de Montevideo

OS DATOS

Mundial de fútbol

10 participacións
Campión en 1930 e 1950

Copa América

39 participacións
Campión 14 veces

Xogos Olímpicos

2 participacións
2 ouros

O EQUIPO

Adestrador: Gustavo Ferrín

Banco:

Juan Albín
Sergio Blanco
Gonzalo Castro
Leandro Ezquerro
Carlos García
Walter Gargano

Diego Godín
Sergio Navarro
Javier Delgado
Richard Núñez
Adrián Sarkissian



patria quiere goles.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

COA SELECCIÓN NACIONAL

As nosas cores

O deseño da camisola da selección galega incorpora unha grella de liñas oblicuas de cor azul celeste. A diagonal azul é distintiva de moitas equipaxes deportivas de equipos galegos pero ningún outro conxunto loce esa banda de liñas oblicuas inclinadas a 45°. Pepe Barro, compoñente xunto con Xosé Salgado e Lía Santana do Equipo Revisión, recibiu da Consellaría de Cultura a encargada de deseñar o uniforme do combinado galego. Barro confesa que non é home de fútbol e que tardou en decatarse de que estaban a deseñar un “obxecto vivo”. Escapar do tóxico e representar a forza de unión do fútbol animaron o seu esforzo creativo.

Deseño da camisola da selección

A Consellaría de Cultura fíxolle ao Equipo Re-Visión a encomenda cunha idea central: “O fútbol une”. Considerando que azul e branco son as cores do país, e tamén dos seus principais equipos, pero é a banda transversal o que máis singulariza a bandeira de Galiza, comezaron a traballar con ela. “Esa mesma diagonal xa a empregaban a selección galega de fútbol modesto, e outros clubs coma o Atlético Os Castros, da Coruña, que lle prestaba a súa camisola á selección, ou o Cea. Tivemos que fuxir diso e, ao tempo, liscar do tóxico para representar o país”.

Tamén tiveron medo de pasarse. “Desenvolvimos dous proxectos en paralelo: un máis recoñecíbel e outro máis avanzado. Un vai testando, e houbo que decidir se se facía unha equipación de fútbol convencional ou algo máis moderno. Foi un risco



que valoramos, e eliximos presentar o deseño máis arriscado”.

Desbotada a polémica Galiza-Galicia no que atinxe ao atavío, apúxoselle á camisola que o selo selección galega non está deseñado para alumbrar pertencencias. Barro responde que a camisola “terá unha función tamén de uso na rúa por parte dos siareiros, e por iso lle puxemos un pé de foto. Se este equipo xogase todas as fins de semana sería innecesario, pero o feito de poñerlle selección galega dá conta de que pertence á selección galega de fútbol. A peza levará unha etiqueta que especificará que se trata dunha prenda oficial, o que tamén a distingue de moitos dos adubios que levan os rapaces na rúa”. Sobre as cuestións políticas, Barro di que a Consellería “non impuxo ningún criterio ao respecto”.

Chándal, pucho, bufanda, medias... a indumentaria da selección ofrece todas as posibilidades do merchandising.



A camisola da selección

O escudo: Úsase a bandeira galega, e non o escudo oficial de Galiza co cáliz e as sete cruces, para empatar graficamente coa bandas diagonais da camisola.

A marca: Antes de equipar á selección galega, a empresa porriñesa Zico vestiu a S.D. Compostela.

A etiqueta: garante a autenticidade da prenda.

Identificación: Sobre o número de xogador gráfiase o identificador nacional da selección.

Máis información:
www.vieiros.com/selecciones/simboloxia

A marca

A marca que viste a selección galega, Zico, vestiu antes ao Compostela. Houbo unha oferta –non oficial– de Puma, que adubía o uniforme da selección catalana, pero non se chegou a acordo. Zico intentará “sementar Galiza de camisolas da selección galega”, en palabras de Xosé González, o xerente en Galiza de Zico España. “O ideal sería colocar 25.000 camisolas, pero se fosen 10.000 non estaría mal para comezar”.

O mesmo Barro, sen dúbida un dos deseñadores con máis creto de Galiza e fóra dela, xa apuntara algúns elementos salientábeis en 1997: “O mar e o ceo, o norte e o sur, a existencia dun presupón a do outro”. E nas calzas, “lume!”.

OUTRAS CAMISETAS

O número un da revista Bravú acollía, en 1997, algúns deseños de vangarda para o equipamento da nosa selección.



Pepe Barro



Xurxo Fernández e Fran Domínguez



Moldes




César Fernández Arias

O uniforme da primeira selección galega de fútbol

A camisola da selección galega dos anos vinte era completamente branca cunha gran Cruz de Santiago espetada na parte esquerda. A Cruz de Santiago ten a súa orixe no emblema da Orde Militar dos Cabaleiros de Santiago, pero a súa xeneralización como símbolo de Galiza procede de América (aínda hoxe é o logo-

tipo do Banco de Galicia arxentino). Ao longo do século XX foi sendo substituída pola bandeira galega; a que serve para enterrar a Curros en 1908 xa leva a banda transversal. A Cruz aínda sobrevive no escudo do Celta. O combinado galego de comezos de século empregaba un pantalón de azul escuro ou branco.





Gadis é
Patrocinador
Oficial da
Selección
Galega
de Fútbol

Cando o máis importante é acadar a satisfacción dos clientes, ofrecéndonlles sempre produtos e marcas coñecidas e de calidade garantida, estando permanentemente á súa disposición para atenderlles e escoitalles, o que se obtén é a súa confianza. Sente a confianza que che ofrece Gadis.

En Confianza

GADIS

Rugbi, loita, piragüismo, vela...

Galiza, potencia deportiva



Galiza é unha potencia no panorama da loita libre e grecorromana no estado español

Piragüismo, loita, rugbi, billarda, vela, triatlón... son só algúns dos deportes nos que Galiza se erixiu como potencia, coa única pexa de que ningún conta con selección galega con carácter oficial. Agora que o fútbol fai a súa estrea, as correspondentes federacións queren aproveitar para reivindicar a equipación co dito «deporte rei».

O piragüismo é unha das disciplinas que máis alegrías lles deu ao deporte galego. Xa antes das medallas de ouro e prata de David Cal en Atenas 2004 os palistas galegos gañaran campionatos de Europa e do Mundo. Dende a Federación Galega de Piragüismo Modesto Teijeira quere salientar que Galiza só perdeu unha Copa do Rei nos catorce anos que participou e máis da metade dos palis-

tas que convoca a selección española son galegos.

Tampouco conta cunha selección específica oficial ou extraoficial a vela, onde non hai moito Antón Paz e Fernando Echavarrí conse-

O rugbi é o único deporte onde as seleccións xogan fóra de España representando as autonomías

guiron o maior galardón que ofrece este deporte, o Premio Rólex.

O triatlón non lle queda atrás e, ademais de contar con figuras como Iván Raña, Xavier Gómez Noia ou Pilar Hidalgo, son os titulares de 700 das 6.000 fichas deste deporte no estado español.

Aínda así, case todas estas disciplinas teñen nalgunha ocasión a

oportunidade de competir como selección galega, aínda que non en torneos oficiais e, nalgúns casos, coma o do básquet, estas competicións redúcense ao campionato de seleccións autonómicas, que chegan ata a categoría cadete. Así acontece coa selección galega de loita que vén de participar hai un mes, en Nisa, nun campionato internacional no que, entre outras seleccións se enfrontou á española. A súa próxima cita será en 2006, no campionato de Daguestán.

Outra das nosas seleccións é a de rugbi, que funciona deste xeito dende que en 1982 se constituíu a Federación Galega. "Somos o único deporte onde as seleccións xogan fóra de España representando as autonomías, di Manuel Espiña, presidente da Federación Galega de Rugbi.

Como caso especial está a Liga Nacional de Billarda, que non puido constituírse como federación xa que non está oficialmente considerada como deporte pero que conta cun alto nivel e cun bo número de afeccionados en Galiza.



O palista do Hío, David Cal, conseguiu un ouro e unha prata nas olimpíadas de Atenas de 2004

Campións

Galegos no podio

David Cal, Iván Raña, Teresa Portela ou Fran Pérez son algúns dos nomes máis relevantes do deporte galego, e é que Galiza se converteu nos últimos anos nunha gran potencia e nunha importante canteira de deportistas de primeiro nivel. Aínda está recente a emoción de 2004 cando vimos subir a un galego ao podio para que lle colgaran unha medalla de ouro. Pero a cousa non queda aí.

A xesta de mozo do Hío en Atenas 2004 ao subir ao podio en dúas ocasión para colgar unha medalla de ouro e outra de prata confirmou o bo momento do deporte galego e, se cadra, abriulle a porta a uns tempos aínda mellores.

Algúns dos seus compañeiros olímpicos penduraron xa medallas en campionatos mundiais e europeos, como é o caso de Car-

los Pérez Rial e Teresa Portela en piragüismo e Iván Raña, Xabier Gómez Noia e Pilar Hidalgo en triatlón. E aínda que os seus resultados en Atenas non foron tan brillantes coma os de David Cal son, sen dúbida, a gran promesa de Beixín 2008.

Outros deportistas galegos acadaron unha importancia maior da que os acreditou para Atenas. Fran Pérez tivo a oportunidade de dar o gran salto á liga de básquet máis importante do mundo, NBA, aínda que finalmente desestimou a oferta. Antón Paz e Fernando Echavarrí tamén están a vivir o seu momento máis doce e recibiron o Premio Rólex. E tamén tripulando un barco, outro galego, Roberto 'Chuni' Bermúdez, embarcou no mes de novembro no Brasil 1 para participar na Volvo Ocean Race.

Equipo galego de ciclismo

Chega o momento da primeira pedalada

O director xeral de Deportes da Xunta, Santiago Domínguez, axilizou os contactos coas principais figuras do ciclismo galego para tratar de crear, en 2007, un equipo galego ao estilo do Euskaltel. Para iso reuniuse cos actuais profesionais Ezequiel Mosquera, David Blanco, Marcos Serrano e Óscar Pereiro e, nunha segunda cita, falou cos ex-ciclistas Álvaro Pino, Evaristo Portela e Suso Blanco.

Os seis corredores coincidiron con Santiago Domínguez na ne-

cesidade de crear un equipo galego e nas consecuencias positivas que este tería para promocionar este deporte en Galiza e tamén para conseguir que pouco a pouco os equipamentos de que dispoñen para adestrarse sexan tamén mellores. David Blanco comentaba, na saída da xuntaza co director xeral para o Deporte o pasado mes de novembro, que sería "fundamental para potenciar o ciclismo galego; así sería máis doado pasar a profesionais e equipo propio haino

en todos lados, dende Euscadi até Murcia".

Atopar patrocinio e unha cuestión decisiva aínda que falten dous anos para botar ás estradas as mellores bicicletas galegas. O ciclista Marcos Serrano, que este ano gañou para Galiza e para o Liberty Seguros unha tirada do Tour de Francia matizaba precisamente que "a filosofía do futuro equipo dependerá dos patrocinadores que se consigan".

Outro dos temas que, de aquí a 2007, debe resolver as autoridades

deportivas, é o de superar a fenda entre amateurismo e profesionalismo xa que a UCI non abre a concesión de licencias, en principio, ata 2009.

Todos coincidiron foi en valorar, tal e como reflectiu Álvaro Pino, que "a iniciativa deste goberno é unha motivación extra" e dende o ciclismo profesional, sinalou Evaristo Portela, apóiase "o proxecto aínda que non se estea nel".



O chapelán Marcos Serrano, ao vencer a tirada do Tour de Francia 05



Ignacio González Pacios, ex-lateral esquerdo da SD Compostela

“A miña ilusión deportiva foi sempre xogar coa selección galega”

Ignacio González Pacios, Nacho (Foz, 1967), foi o primeiro xogador de fútbol do estado que un día, en novembro de 1995, dixo que máis ilusión lle facía xogar na súa selección –a galega– que na española. E non é que os futbolistas do estado fosen sempre uns mercenarios.

Antes ca el, Iribar e Arconada, entre outros, fixéronse famosos pola súa calidade como gardamallas e, á parte, por seren nacionalistas vascos comprometidos co seu país. Pero os dous defenderon a selección española e, anque a Arconada se lle apoñía que non le-

E non é que Nacho se pronunciase en contra da selección española, nin de España, nin de nada. En novembro de 1995, nunha entrevista na TVG, cando lle preguntaron se lle gustaría ser o lateral esquerdo de España –só o barcelonista Sergi estaba á súa altura daquela–, Nacho dixo que lle gustaría xogar na selección galega. As declaracións pronto se sacaron de contexto. Afirmouse que Nacho dixera que a selección española “nin me interesa nin me apetece”.

O mariño Nacho, ex xogador do Celta e do Compostela é unha icona da loita pola selección. O pioneiro da súa xusta reivindicación.

vaba a bandeira nas medias –e o choqueiro gol de Platini na Eurocopa do 84–, ningún foi tan lonxe.



radiofusión

ESCOITANOS EN...

Allariz (107.2 FM) / Arzúa (107.4 FM) / Eume (107.5 FM) / Fene (107.7 FM) Foz (107.4 FM)
Negreira (107.0 FM) / Redondela (94.9 FM) / Tui (107.4 FM)

E non é que fose así exactamente. Nin que non fose así. As declaracións de Nacho, moi naturais, foron sacadas de contexto e, anque Clemente (peneuvista declarado) dixo que Nacho lle gustaba, Nacho xamais xogou na selección española de fútbol. Nin na galega, até agora: será o noso delegado de equipo.

Nacho é moi claro ao respecto: “As miñas declaracións son anteriores a que Clemente dixera que podía ser convocado; eu comentaba daquela que a miña ambición persoal sería xogar coa selección galega. Preguntáronme logo se me interesaba xogar na selección española e eu dixen que a miña ilusión era xogar coa galega. O da selección española díxeno naquel contexto. Tiven ataques de toda a prensa deportiva e asubiábanme nos campos. Noutra entrevista que me fixeron os do programa deportivo *El Larguero* estaba xa ata os collóns. Sentínme só daquela”.

A carreira de Nacho, o único lateral esquerdo que amargou ao Figo de 1995, viuse prexudicada pola súa aventura nacionalista. Nunca lle gustou a proxección mediática, e verse debaixo dos focos atordoouno. Nacho, para quen os futbolistas “viven nunha nube, non se decatan dos problemas da xente”, tivo que enfrontarse á realidade mediática do fútbol, e ás propias limitacións de Galiza á hora de normalizar unha posición con



dixo o afoutado seleccionador español— chegou tarde para Nacho. A selección galega si lle chegou a tempo. Relativamente: retirouse en 1999 por causa do tendón de Aquiles, vive en Foz coa familia e comenta partidos na TVG do cambio. Di que se prepara para ser adestrador de fútbol.

“Hai tan só catro anos unha selección galega parecía algo imposible, dun reduto da poboación. O cambio de goberno supuxo que se poida levar ó cabo, o cal é magnífico para a xente nova que comeza agora”.

Nacho debutou en 1984 co Gran Peña. Na tempada 1986/87 fichouno o Celta, onde debutou en Primeira contra o Valencia (3-3). No Compos xogou desde a 1992/93 até 1998. Retirouno unha lesión dexenerativa no tendón de Aquiles. Tivo ofertas doutros clubs, pero nunca quixo marchar de Galiza. Era rápido, combativo e caneaba ben. Mellor ca Sergi.

Sobre o compromiso dos seleccionábeis galegos para co equipo do país, Nacho é concluínte: “Ao principio chocará, e igual a algúns dos que están xogando en Primeira lles dea un pouco a risa. Xa chegará o tempo de formular o tema neses termos”.

poucos refluxos no exterior, e co Goberno Fraga no interior. A atención que reclamou Nacho para si non foi a axeitada para a súa carreira; a atención que lle dispensaron os medios nacionais, tampouco.

“Eu considérome vítima da democracia así, entre comiñas. Este país é moi dado a falar de democracia, e cando alguén manifesta unha opción persoal totalmente pacífica, como fixen eu, é atacado coa arma que se emprega agora, os medios de comunicación. Desprestixiouseme persoal e profesionalmente”.

A normalidade coa que agora venta Luis Aragonés o caso Oleguer —“tanto me ten que sexan falanxistas que independentistas”,

Hai motivo

Xosé Hermida | Xornalista

Hai tempo, cando as bancadas dos estadios estoupaban de carraxe contra os futbolistas, sempre había algún exaltado que, canso dos insultos típicos —xa saben, desde señoritas ata fillos de tal — pronunciaba a condena definitiva cun termo esta-rrecedor: “mercenarios!”.

Aquela verba terrible designaba o grado máis noxento que podía acadar un deportista. Porque aos deportistas, como aos soldados, presupoñíase unha certa nobreza desinteresada, un amor ás cores, como dicían os clásicos.

Sosteen os teóricos que agora vivimos tempos posheroicos, nos que as guerras se fan evitando o corpo a corpo e todos os futbolistas son mercenarios. Tan asumida está esa condición nos xogadores que os mesmos afeccionados desterraron a palabra do seu repertorio de insultos. Agora son mercenarios, e a moita honra.

Uns días antes do Nadal, cando os nosos mercenarios da pelota volten á casa, xuntaránse para xogar un partido por algún motivo que non sabería expresar. Desboto patriotismo, esa cousa tan solemne e metafísica. Podería dicir sentimentos se non fora un termo desprestixiado. O

certo é que non atopo a definición, e quizais nin sequera exista, pero tanto ten.

Os futbolistas galegos vanse xuntar para un partido que non lles dará máis cartos nin máis sona. Nin siquera os fará pasar por máis solidarios, como eses choques contra a droga ou a favor dos mesmos nenos do Terceiro Mundo que cosen a prezo de ganga os balóns e as camisetas dos cracks. Os futbolistas vanse xuntar por un motivo incerto, quizais vencellado co reclamo da historia, porque será o primeiro partido da selección galega desde os tempos en que os árbitros eran referís e os fóras de xogo orsais, alá polo paleolítico superior.

Non está mal que nos actualicemos un pouco, porque hoxe ata unha comunidade tan dúbidosamente independentista como Cantabria forma unha selección de fútbol para xogar unha vez ao ano contra algún país estranxeiro. Os nosos vanse medir a Uruguai, nación irmá, no que será unha xornada sen fútbol mercenario e sen as tribos pailanas pelexando na bancada porque uns se din turcos e os outros portugueses. Aínda que só fora por isto último, queda claro que hai motivo.

Apoiamos día a día o noso deporte para achegalo a todos os cidadáns e cidadás compostelás. Estamos orgullosos de que a selección galega debute en Compostela e queremos compartir con vós este soño que agora se fai realidade.

**sempre co deporte
sempre coa selección**

CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Deportes

AUTODEFINIDO por Carlos Meixide

As definicións con símbolo * refírense a un xogador ou adestrador da nosa selección

* EX-XOGADOR DE CELTA E COMPOS	DAVID... MEDALLISTA OLÍMPICO *	UNHA ROSCA Ó REVÉS, O TI URUGUAIO	* O QUE OS DEIXA K.O.	DA ESPAÑA CASTIZA REAL ACADEMIA ESPAÑOLA	CÁNTICO PARA ANIMAR TANGO DE GARDEL	NÚMERO PI PARTIDO COMUNISTA	ABONADOS DIANTEIRO CAMERUNÉS							*
↳	↓	↓	↓	↓	↓	↓	↓	↓	↓	↓	↓	↓	↓	↓
DIANTEIRO VASCO DO NÁSTIC MIRAR			DO REVÉS, CAMPO PONTEVEDRÉS Ó REVÉS, PORTUGUÉS DUNHA ILLA											
↳		* GALIZA NOVA	↓											
FORMATO INFORMÁTICO SÍMBOLO DO INFINDO		↓	XOGA AOS ATLANTA HAWKS CREATIVE COMMONS											
↓	CHEGAR E... *		↓											
ANNO DOMINI PICA, COME			POLÍGONO LUGUÉS Ó REVÉS TELEVISIÓN DIGITAL TERRESTRE											
↳			UNIÓN DEMÓCRATA LIBERAL											
* TAREXA ESPAÑOLA			FRENTE DE LIBERACIÓN	Ó REVÉS, DIRECTOR	BASICAMENTE FRANCISCO	DELINCUENTE Ó REVÉS, AVÓS DE FROILÁN								
↳			FRENTE PAÍS SOLIDARIO CERVEXA INGLESA	↓	↓	↓								
BO..., RAFA... AFIRMACIÓN			↓	QUE PENSA COA CABEZA										
↳		PRONOME PERSOAL		*										
DÍAS ANTERIORES AOS HOXES				GRUPO DE MORRISON										



OLEIROS *EN FORMA*

PROGRAMA MUNICIPAL DE ASESORAMENTO FÍSICO Ó VECIÑO

¿EN QUÉ CONSISTE? Trátase dun programa que pretende axudar a todos aqueles veciños con interese en realizar actividade física. Seguiranse programas de exercicio adaptados as necesidades de cada persoa.

¿QUÉ FACEMOS? Avaliacións antropométricas (% de tecido graso, magro e óseo), posturais e podométricas (posicións e movementos adecuados para as costas, tipo de pé e calzado que lle convén), de condición física (forza, saudábeis).

¿CÓMO FUNCIONAMOS? Para poñerse en contacto con nos, pódese pedir cita por teléfono ou persoalmente, no Centro Municipal de "A Fábrica". A primeira consulta é gratuíta.

¿CÓMO É O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DIRIXIDO? A través de actividades como por exemplo: fortalecemento muscular, aeróbic, actividade acuática, control postural, etc...

REQUERIMENTOS: Ter cumpridos os 18 anos

¿QUENES SON OS NOSOS PROFESIONAIS? Un grupo de Licenciados en Educación Física e expertos en programas de actividade física para a Saúde.

¿QUÉ INSTALACIÓNS PODEMOS UTILIZAR? Instalacións municipais, polideportivos e ximnasios, piscina do INEF de Galicia e Unidade de Valoración Funcional (laboratorio)

¿ONDE TEÑO QUE CHAMAR? 981 63 65 98

¿CANTO COSTA? Só 15 euros/mes

Concello de Oleiros
www.oleiros.org

Kit dos seareiros



1. **Prismáticos** para non perder detalle do que acontece no céspede.
2. **Pinturas** para maquillarse coas nosas cores.
3. **Paraugas** (vale o da manifestación de Nunca Máis) para abeirarse da chuva.
4. **Petaca** coa reserva de bebidas espirituosas ou termo coa dose da cafeína ou tila en caso de penaltis.
5. **Tabaco** para esfumar os nervios.
6. **Radio** para non perder a onda informativa do partido.
7. **Vieiros (en papel)** para entreter a espera e informarse sobre a selección.
8. **Pucho** para manter quente as boas ideas.
9. **Chupa** para zafar da trabada do frío.

10. **Luvas** para non perder as dedas coas que contar os goles.
11. **A camisola** que nos convoca.
12. **A bufanda** que nos arroupa.
13. **Calzado cómodo** por se as prásas obrigan a saír a todo filispín.
14. **A bandeira**, vale coa estrela, a vaca ou sen nada.
15. **Megáfono** para animar os nosos, tamén valen buguinas ou trompas para acompañar lemas e cánticos.
GA-LI-ZA, GA-LI-ZA
Unha nación, unha selección
Aghora vai o ghol!
Uruguai é guai, mais para guai Galiza!

Fútbol para culturetas

Se está lendo isto durante o partido é porque lle tira máis a letra que o que está a pasar no campo, ou ben que se sentiu aludido polo título. Ben, non está só. San Lázaro está hoxe ateigado de xente coma vostede, persoas que nunca pisaron un estadio, que non distinguen un orsai dun córner ou que pensan que Iván Carril é un novo poeta galego. O seu compromiso coa patria é incuestionábel. Non falta aos actos literarios, ás manifestacións nacionais, aos xantares pola causa. Hoxe é unha desas ocasións nas que hai que estar. Pero para creerse un auténtico facedor de país non abonda con ir disfrazado como a familia da esquerda. Hai pequenos detalles que o poden delatar e para iso van estes consellos: se lle valen, ben, e se non, sempre poden usar a páxina para agochar ese libro que trouxo baixo o brazo. Que xa nos coñecemos.

- Deixe o sombrero tipo Beiras na casa. Non está mal para gardarse da choiva, pero a ver se lle vai dar nun ollo ao compañeiro de asento que celebre un gol (pola efusividade del, non pola súa que seguramente nin se decatou), temos un desgusto co comité de competición e vai a selección ao garete, co traballo que levou.

- Leve transistor. Máis que nada para non adormecer, pero que non se note que en vez do partido está escoitando Radio 3. Moito mellor a Linterna da Cope, seguro que se crispa tanto coma un deportivista cando o penalti de Djukic (outro día explícolle), e pode coller ideas para insultar o árbitro chegado o caso.

- Cando soe o himno, intente non cantar a segunda parte. Pode besbellala coma se non soubese a letra, coma o resto dos mortais.

- Non se fíe dos apelidos dos xogadores para identificar cales son os nosos. Se teñen apelido galego é probábel que sexan de Uruguai.

- Cada vez que un futbolista cae ao chan NON É PENALTI. Córtese á hora de empregar esta palabra, a non ser que antes a berren os seareiros de verdade que están ao seu carón, se é que os hai.

- Os cánticos poden ser de verso libre aínda que adoitan levar rima asonante. Se decide improvisar algún, esqueza empregar as palabras senlleiro e chuchamel. Non veñen ao caso.

E agora deixe de ler o xornal e faga o favor de atender ao partido. Non vai ser todo cultura.